

PROGRAMA DE CULTURA CLÁSICA

INTRODUCCIÓN

A presenza desta materia no 2º Ciclo da E.S.O. responde á necesidade de proporcionar, xa que non a todos, a aqueles que o prefiran, unha visión global sobre as aportacións científicas, éticas, filosóficas, lingüísticas, literarias e artísticas do que chamamos Mundo Clásico á civilización occidental e ó conxunto da Humanidade. Así, a Programación desta materia desenvolverase a través do exame e traballo dunha serie de eidos:

1. Eido Xeográfico-Histórico: Situremos no tempo e no espazo a Grecia e a Roma clásicas, demarcando os períodos e acontecementos históricos indispensables para obter unha panorámica de conxunto. Isto axudaranos a assimilar o resto dos contidos da materia. Abranguerá as Unidades Didácticas da 1 á 3. Enlazando con isto, contra a fin do curso, na Unidade 7, contemplaremos os resultados que a acción conquistadora de Roma produciu en Europa e, máis en concreto, no que os romanos chamaron Hispania.

2. Eido Político-Social e Familiar: Ó longo das Unidades Didácticas 4, 5 e 6 examinaremos a configuración e evolución das sociedades grega e romana, así como as súas diversas organizacións políticas. Tamén describiremos a estrutura da familia nas dúas civilizacións clásicas, e coñeceremos como era a vida diaria dos antigos gregos e romanos.

3. Eido Relixioso: Debido á súa presenza abrumadora na arte ó longo de toda a Historia de Europa, e tamén ás pegadas que deixou en sistemas de crenzas posteriores, é de capital importancia introducirse nos aspectos fundamentais da relixión clásica, con especial atención á mitoloxía grecorromana. A estes contidos dedicaremos a Unidade Didáctica 9.

4. Eido Lingüístico-Literario: As nosas linguas, galego e castelán, son herdeiras das clásicas: por xenética proceden do latín, e o grego realiza tal cantidade de achegas léxicas que non poden ser ignoradas. Ambas, ademais, forman parte da familia indoeuropea. Finalmente, o cultivo literario do latín e do grego deu lugar a xéneros e estilos literarios que foron herdados polas literaturas posteriores que forman parte da Cultura Occidental. As Unidades Didácticas 9,10 e 11 axudarannos a comprender e assimilar todo isto.

5. Eido Artístico-Tecnolóxico: Na Unidade Didáctica 12, a derradeira do curso, abordaremos o legado artístico grecorromano, e tamén os avances romanos no campo da enxeñería, prestando atención á súa pervivencia e influencia ó longo dos séculos.

A nosa aproximación a todos estes contidos artellarase desde un punto de vista principal: observar o que sabemos da realidade clásica para contrastar coa nosa vida actual e así chegar a ser conscientes de canto debemos ó mundo de Grecia e Roma

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación desta área de coñecemento será continua e terá en conta os seguintes aspectos:

- a) a entrega puntual dos exercicios e traballos que se propoñan, tanto a nivel individual como colectivo.
- b) a competencia alcanzada nas seguintes habilidades:
 - comprensión do marco espazo-temporal da cultura grecorromana.
 - comprensión básica da organización política e social da Grecia e Roma antigas, ademais dos trazos fundamentais da vida cotiá no Mundo Clásico.
 - coñecemento e comprensión dos fitos fundamentais da romanización de Europa, Hispania e Gallaecia.
 - coñecemento e comprensión dos elementos básicos da mitoloxía grega e romana.
 - asimilación do concepto de familia lingüística, con especial atención ó grupo indoeuropeo e ó subgrupo romance.
 - coñecemento e comprensión dos mecanismos de formación de palabras en galego e castelán, das achegas gregas e latinas ó noso léxico patrimonial e culto, e dunhas poucas leis fonéticas que marcaron a evolución do latín ó galego e ó castelán.
 - coñecemento da historia do alfabeto latino e grego, xunto coa lectura deste último.
 - asimilación dos trazos básicos dos principais xéneros literarios grecolatinos, así como dos seus autores e obras máis destacados.

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA

Para superar esta materia deberán acreditarse as seguintes capacidades mínimas:

- a) Situar en mapas os territorios e lugares máis importantes do Mundo Clásico.
- b) Coñecer as coordenadas espazo-temporais básicas do Mundo Clásico.
- c) Coñecer as características básicas da configuración política e social da Grecia e Roma antigas, ademais dos trazos máis rechamantes da vida cotiá no Mundo Clásico.
- d) Coñecer os deuses, heroes e mitos principais da relixión grega e romana.
- e) Coñecer a orixe do alfabeto latino e do grego, e saber ler este último.
- f) Demostrar o coñecemento dos principais mecanismos de formación de palabras, herdados do latín, e tamén as achegas das dúas linguas clásicas ó noso léxico culto.
- g) Coñecer unhas poucas leis fonéticas que interviron na evolución do latín ó galego e castelán, e, polo tanto, na formación da maioría do léxico patrimonial dos dous idiomas.
- h) Saber atribuír textos traducidos das linguas clásicas a cada un dos xéneros literarios grecolatinos tratados durante o curso.
- i) Identificar os trazos fundamentais da arte clásica, e tamén das achegas da enxeñería romana.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación de cada alumno utilizaranse os seguintes instrumentos:

1. Exames: Realizarase só unha proba escrita por cada trimestre. Cualifícaranse sobre 10 puntos.

2. Exercicios: Encargarase, con certa periodicidade, a elaboración de exercicios individuais, que deberán ser realizados fóra do horario escolar. Algúns ofrécese nesta mesma libreta de traballo, e outros serán cuestionarios cumprimentados por medios telemáticos dos cuestionarios que estarán a disposición dos alumnos no curso *Cultura Clásica*, publicado na Aula Virtual do Centro. Todos e cada un destes exercicios cualifícaranse sobre 10 puntos. Por cada día de retraso na entrega dos exercicios aplicarase un desconto sobre a cualificación de 0,2 puntos.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As cualificacións outórganse de acordo cos seguintes criterios:

1. A nota de cada trimestre ponderarase de acordo co seguinte reparto valorativo dos instrumentos de avaliación:

- Exame: **70%**

IMPORTANTE: No caso que un estudante sexa sorprendido empregando medios ilícitos durante a realización de calquera exame, o exercicio será cualificado globalmente cun 0.

- Exercicios: **30%**

2. A cualificación final do curso concederase de acordo cos seguintes criterios, dependendo do número de trimestres aprobados ou suspensos:

1. Se o trimestre suspendido é un dos dous primeiros, poderanse considerar superados obtendo un aprobado no trimestre final.

2. Se os trimestres suspendidos son dous o o trimestre final (aínda que sexa unicamente este), o alumno deberá realizar unha última proba cos contidos relativos ó(s) trimestre(s) non superado(s).

3. A nota final de curso establecerase mediante o sistema de media ponderada: as notas dos dous primeiros trimestres terán un valor do 30% da nota final cada un, mentres que a nota do terceiro trimestre se lle atribuirá un valor do 40%.

UNIDADES DIDÁCTICAS E TEMPORALIZACIÓN

1º TRIMESTRE	Unidade Didáctica 1 Concepto de cultura e concepto de clasicismo. Mundo Clásico e Cultura Clásica
	Unidade Didáctica 2 A Grecia antiga: xeografía e cronoloxía
	Unidade Didáctica 3 A Roma antiga: Xeografía e cronoloxía
	Unidade Didáctica 4 Organización política e social da Grecia Antiga. A familia na <i>polis</i> grega
2º TRIMESTRE	Unidade Didáctica 5 Organización política e social da Roma antiga. A familia romana
	Unidade Didáctica 6 A vida cotiá en Grecia e Roma
	Unidade Didáctica 7 A romanización de Hispania. Toponimia e onomástica
	Unidade Didáctica 8 A mitoloxía grega e romana: deuses, heroes e mitos. Culto público e privado
3º TRIMESTRE	Unidade Didáctica 9 Familias lingüísticas: o indoeuropeo e as linguas romances. Os alfabetos grego e latino
	Unidade Didáctica 10 O noso léxico e as linguas clásicas: formación de palabras, cultismos e léxico patrimonial. A evolución fonética
	Unidade Didáctica 11 A literatura clásica: xéneros e autores
	Unidade Didáctica 12 A arte grega. A enxeñería romana